

ACTA

Reunión Urxente e Extraordinaria da XUNTA DE GOBERNO

Horario de intervención: das 10.00 h do ata ás 20.00h do 04/07/2023 para as votacións

Lugar: Modalidade de votación non presencial a través da vía telemática

RELACIÓN DE PERSOAS CONVOCADAS

Miriam Rodríguez Sierra

Elena Gómez Fernández

Antonio Doval Canabal

Pablo Antelo García

Ana María Rodríguez Fernández

Laura Zapata Criado

María Rosario Capelo Casas

Adriana Vieites Freire

Cristina Díaz Mira

Ana María Vilar Varela

ORDE DO DÍA

- 1- Aprobar, se procede, o contido do documento para enviar a DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA da XUNTA DE GALICIA sobre a amortización de prazas dos EQUIPOS DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICA.

A Xunta de Goberno aproba o contido deste texto.

Engádesse a esta acta como ANEXO I.

En Santiago de Compostela a 5 de xullo de 2023

Miriam Rodríguez Sierra, maior de idade e con DNI 34999031T, actuando en nome do COLEXIO DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA, CIF Q1569016G, con domicilio na rúa Dublín, 6, baixo, CP 15704, ante este organismo comparece e

EXPÓN

Que este Colexio profesional ten constancia da falta de cobertura das prazas de Traballo Social nos Equipos de Orientación Específicos do Centros Escolares, así como a súa posterior e previsible amortización por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Na actualidade so queda cuberta no EOE da provincia de Lugo, e nas outras 3 provincias carece de titular esta praza, nin persoal de cobertura.

Segundo o Decreto 120/1998 de 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 5 recolle a composición dos Equipos de Orientación Específicos, que estarán compostos entre outros profesionais por un/unha Traballador/a Social e/ou Educador/a Social. Polo tanto é irrefutable a importancia da intervención social nos centros educativos para mellorar a aprendizaxe, rendemento académico e a integración escolar e social do alumnado. En virtude do cal, lonxe de implementar políticas de recortes e supresión de prazas do Traballo Social no eido educativo, resulta necesario avanzar na presenza destes profesionais nos centros escolares, posibilitando o traballo directo coas/os alumnas/os, as familias e o profesorado. Dende este Colexio Profesional consideramos que a atención prestada neste eido sen contar co Traballador/a Social, perfil de referencia na intervención sociofamiliar, nunca poderá acadar os parámetros mínimos de calidade esixibles a unha Administración comprometida coa defensa dos servizos públicos, considerando ademais que esta situación pon en claro risco os dereitos sociais da cidadanía galega afectada.

O Traballo Social Escolar resulta fundamental para mellorar as posibilidades de aprendizaxe, reducir o efecto das desigualdades socioeconómicas, diminuír o risco de fracaso e abandono escolar, favorecer a integración do alumnado migrante ou pertencente a minorías, mediar entre a familia e a escola, favorecer a participación das familias, abordar as situacións de conflito entre alumnos/as, así como orientar e asesorar ao profesorado e ao centro educativo dende unha perspectiva social.

Non podemos esquecer a existencia dun mandato legal imperativo que compete ás Administracións Públicas a dispoñer de todas aquelas/es profesionais cualificadas/os para a adecuada atención dos servizos públicos básicos. Neste ámbito, a figura das/dos Traballadoras/es Sociais fortalece o vínculo entre as familias e a escola, colaborando no proceso de inclusión do alumnado e atendendo a aspectos socio-familiares e adaptativos que inciden no seu desenvolvemento educativo. Tamén resulta tarefa fundamental das/os Traballadoras/es Sociais a orientación e colaboración con outros servizos e institucións nas intervencións que requiran derivación, intervención conxunta e/ou coordinación cos servizos públicos existentes para dar respostas globais e integrais ás necesidades das familias e do alumnado, mediando e facilitando as relacións no seu caso e, desta forma, favorecendo a comunicación e colaboración das partes implicadas.

SOLICITA

- Información sobre o estado actual das prazas dos Equipos de Orientación Específicos das 4 provincias.
- Información sobre como se van a cubrir as vacantes existentes se é o caso.

Agradecendo de antemán a colaboración, sen outro particular, no lugar e data indicados no encabezamento, reciban un cordial saúdo.

Asdo. Miriam Rodríguez Sierra
Presidenta do COTSG

Visto e praxe:

A Presidenta

A Secretaria

Asdo: *Miriam Rodríguez Sierra*

Asdo: *Ana Rodríguez Fernández*



Asdo: RODRIGUEZ FERNANDEZ ANA MARIA - 326728200: 34999031T MIRIAM RODRIGUEZ (R: Q1569016G)
o día 06/11/23 cun certificado emitido por: o día 02/11/23 cun certificado emitido por:
AC FNMT Usuarios AC Representación